

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 29 de xuño de 2021 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola COVID-19 (programa Cheques dixitalización COVID-19), susceptibles de ser financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se convocan en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG300E).*

Advertido un erro na referida resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 130, do 9 de xullo de 2021, procede facer a seguinte corrección:

Na páxina 35131, no artigo 6.1, onde di: «1. O período de execución dos investimentos subvencionables denomínase prazo de execución do proxecto e abranguerá desde o día seguinte ao peche da convocatoria anterior (1 de outubro de 2020) ata a data máxima de execución establecida na resolución de convocatoria, 15 de novembro de 2021. Calquera gasto realizado fóra deste período non será subvencionable.», debe dicir: «1. O período de execución dos investimentos subvencionables denomínase prazo de execución do proxecto e abranguerá desde o día seguinte ao do peche da convocatoria anterior (16 de decembro de 2020) ata a data máxima de execución establecida na resolución de convocatoria, 15 de novembro de 2021. Calquera gasto realizado fóra deste período non será subvencionable.».

